



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 18 DE AGOSTO DE 2016.

### Concelleiros asistentes:

Dª. Belén Chao Ramil  
D. Carlos Carballés Penabad.  
D. Mario Rouco Rey  
D. José Danilo Requeijo Castro  
Dª. Rosario Celia Rey López  
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día dezaoito de agosto de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúñese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día. Non asiste a concelleira Dª. Rosario Celia Rey López.

1. DESAFECTACIÓN DEFINITIVA LOCAL PAI. Visto o expediente tramitado para a desafectación dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m<sup>2</sup> exteriores (achégase plano) do CEIP Antía Cal Vázquez para a habilitación dun PAI, cuxa aprobación provisional foi acordada en sesión realizada polo Pleno en data 28 de abril de 2016, e vista a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2016, pola que se concede a autorización previa á desafectación parcial do CEIP "Antía Cal Vázquez" solicitada por este Concello de Muras.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Popular: o voceiro José Danilo Requeijo Castro manifesta que xa houbo reunións sobre este tema e están de acordo, recorda que había a posibilidade de casa niño pero non puidemos acollernos porque xa estaba en trámite o PAI.

Polo grupo Mixto: co concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey está de acordo con este servizo de importante valor para este Concello, a casa niño está ben pero o PAI permite a incorporación de concellos limítrofes que vai ser beneficioso para este Concello.

Polo grupo BNG: a concelleira Belén Chao Ramil, da reunión en Lugo con representación da Xunta sobre casas niño, era unha opción pero ao haber en trámite o PAI non sería concedida, outra cousa sería a necesidade de dous autónomos e inda que non se deu publicidade porque se estaba co PAI aquí ningúén pediu información, tiña que estar aberta 3 ano e o máximo serían 5 nenos e aquí hai solicitude de 8, antes funcionaba preescolar na casa pero o partido popular o cargou para traer un modelo experimental de Dinamarca.

Debatido o asunto, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos seis membros presentes dos sete que o compoñen, acorda:

1º. Alterar definitivamente a cualificación xurídica dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m<sup>2</sup> exteriores (achégase plano) do CEIP Antía Cal Vázquez, pasando de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

2º. Reflectir na rectificación do Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica, facultando ao Sr. Alcalde para que subscriba os documentos necesarios para a execución do presente acordo.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfn: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

2. BASES SUBVENCIÓNS CONSUMO ENERXÍA ELECTRICA. A continuación toma a palabra o Sr.Alcalde para facer unha exposición de motivos que xustifican as bases da convocatoria de axudas ao pago da factura da luz do concello de Muras no exercicio de 2016, alude a que Galicia é unha potencia enerxética exportando arredor do 40% segundo o último estudio enerxético do INEGA, o 34% da enerxía primaria galega procede do vento que é o recurso natural que se explota neste concello onde están 20 centrais eólicas con 381 muiños, en definitiva Galicia é netamente exportadora de enerxía eléctrica e soporta importantes custos sociais e ambientais, mais nunca esta capacidade repercutre en beneficio do pobo galego e da súa economía.

Refírese a suba da factura da luz nos últimos dez anos e a imposición do criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galicia ao tratar igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. As tarifas eléctricas do Estado español son as terceiras más caras para o consumo doméstico e Galicia debería ter unha tarifa más baixa, un 18% da poboación ten dificultades para aboar as súas facturas enerxéticas. Podemos definir a pobreza enerxética cando unha unidade de convivencia ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos a satisfacer as súas necesidades enerxéticas, os prezos séguense incrementando sen que repercuta ningún beneficio nos galegos/as.

Fai mención a normativa vixente tanto internacional como nacional, declaración universal dos dereitos humanos, constitución española, pacto sobre dereitos económicos, sociais e culturais, e por todos estes motivos, o goberno municipal de Muras con estas bases pretende mellorar a calidade de vida dos veciños/as evitando a pobreza enerxética nos seus fogares. A riqueza que se xera no concello co vento debe repercutir de maneira directa nas persoas que levan vivindo neste territorio ademais de compensar o sufrimento directo polo impacto medioambiental, tanto na paisaxe do entorno coma na contaminación acústica.

Ante a impasibilidade do goberno do Estado e da Xunta de Galicia para que teñamos unha tarifa eléctrica más barata como produtores de enerxía, e dentro das competencias que outorga a Lei de bases de réxime local, o concello de Muras aprobou no orzamento para 2016, unha partida por importe de 150.000 euros de recursos propios para axudar ao pagamento da luz aos veciños/as empadroados no Concello, e as bases que se acompañan regulan o procedemento para conceder estas axudas.

Polo grupo Popular, o voceiro José Danilo Requeijo Castro recorda que no pleno de 27 de agosto de 2015 xa se instaba ao goberno municipal asumir o pagamento de gastos por consumo enerxético a partir do mes de xuño dese ano, están de acordo con todo, gustábase que fose regulado polos recibos da luz e senón a paga horizontal, moita xente non vai presentar a declaración da renda e a moción instaba a ordenanza para todos, é o único en contra.

Polo grupo Mixto, o concelleiro do PSdG-PSOE manifesta que para poñer isto en marcha hai que poñer unhas bases que regulen o procedemento, entende que as bases presentadas son xustas e as vai apoiar, en canto a renda considera que non procede meterse en casos particulares, hai presupostada unha cantidade que chegouse a este mes por problemas de regular a convocatoria, isto non é algo obrigatorio, é un beneficio para a maioría.

Polo grupo BNG, o Alcalde sinala que o partido Popular gobernou 24 anos e tiveron oportunidade de facer algo polos veciños, pasou a ser o concello con máis parques eólicos e o PP non fixo nada, agora cando se vai aprobar unha medida xusta o partido Popular adícase a petardear as bases que pedían os veciños, beneficia aos que menos teñen e mellora a situación, desde o PP tratan de boicotear a acción do goberno dicindo que si non é gratis, que si facenda, cando debían axudar tratan de poñer aos veciños en contra do goberno municipal, está axuda en beneficio dos veciños vai converter a este concello en ser o primeiro en adoptar estas medidas. Refírese aos datos da memoria,





# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

e que se trata de actividade doméstica e a maiores incluir para a valoración un portavoz de cada grupo político nas bases da convocatoria.

O Sr. Requeijo Castro di que abandonará a sesión se lle din que minte, están de novo na Corporación e non andan bombardeando, recorda que no pleno do 27 de agosto de 2015, dixo que era un arma de dobre fío, entran ingresos e hainos que declarar o que vai en contra para a declaración da renda e da dependencia, foi o que dixo, outra cousa non, ademais o outro día xa falamos da declaración da renda.

O Sr. Alcalde considera que si se quere dar axuda non se pode fomentar o consumo libre, ningunha administración pode subvencionar os impostos, o que se fixo foi poñer en marcha unha medida que beneficia aos veciños, que foron os que dixerón que se puxeran límites, volven co tema de facenda e os veciños non necesitan que lles digan o que deben facer, aquí estase a traballar polos que menos teñen e non veña o PP co conto de que teñen que ter coidado con facenda , a lei é de Madrid que goberna o PP, a Xunta é do PP e esta axuda é voluntaria, era vergoñento que non repercutise na veciñanza.

O Sr. Rouco Rey sinala que o de insultar facíase antes, oxalá houbera democracia desde hai 25 anos e non solo desde hai un ano, esta é unha norma xeral non para casos particulares, necesítase aportar documentación con facturas para outorgar a subvención, alude a minoración do fondo de pensións e como non chega se carga sobre o máis débil.

O Sr. Requeijo Castro reitera o dito, vai aprobar as bases e tamén se reitera no manifestado na acta do 27 de agosto de 2015, quere que a xente estea informada.

Despois de debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria co voto a favor dos seis membros presentes dos sete que o compoñen, acorda:

1º. Aprobar as bases da convocatoria de axudas ao pago da factura da luz do concello de Muras no exercicio 2016 que logo se citan.

2º. Someter o presente acordo a exposición pública por prazo de dez días hábiles a contar desde a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a efectos de exame e reclamacións.

3º. No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobadas ditas bases.

## BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2016.

### 1.-OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas ao pago da factura da luz dos veciños de Muras, durante o exercicio 2016.

A través da presente convocatoria, o Concello de Muras proponse a consecución dos seguintes obxectivos:

#### 1.1.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Garantir o nivel de calidade de vida e de benestar de todos os veciños do concello de Muras, especialmente a suficiencia económica da terceira idade, xa que constitúe o sector maioritario da nosa poboación.



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfnno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

• Compensar a xeración de riqueza dos nosos recursos naturais explotados por empresas con sedes fiscais fóra do noso territorio, e tamén compensar o impacto medioambiental de forma directa nos veciños e veciñas.

• Fomentar o asentamento de veciños no noso municipio, evitando o éxodo rural á costa e ás cidades.

• Erradicar do noso municipio a pobreza enerxética.

## 2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

### 2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

Poderán ser subvencionados os gastos de consumo eléctrico do ano 2016 que teña cada unidade familiar que conste no padrón de habitantes do concello de Muras. O consumo eléctrico debe estar destinado exclusivamente á actividade doméstica.

Non se subvencionarán os gastos de consumo eléctrico de contadores a nome de sociedades mercantís ou vinculados a actividades industriais ou comerciais, como talleres, bares, restaurantes, fornos, etc... No caso de que unha vivenda comparta o contador cunha actividade comercial, só se terá en conta a terceira parte do consumo total facturado.

Para determinar a cantidade da axuda, só se terán en conta as facturas aportadas polo solicitante, xunto coa documentación requirida nestas bases.

### 2.2 MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.

Os gastos para os que se solicite a axuda municipal deberán ter sido efectuados dentro do exercicio 2016.

### 3.-ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 150.000 €. imputables á aplicación orzamentaria 165. 48200. A aprobación de subvencións queda limitada por dita contía, non poderá realizarse ningún compromiso municipal de transcendencia orzamentaria que supoña superar o crédito dispoñible no orzamento de 2016.

### 4.- CONTÍA DAS ACHEGAS E COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.

#### 4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 500€ por unidade familiar.

A axuda económica concederase en función da "Renda per Cápita" anual da unidade familiar.

Para os anos posteriores ao presente no que se aproba esta convocatoria, terase en conta o consumo eléctrico que non exceda do 10% do ano inmediatamente anterior, agás no caso das unidades familiares que se atopen no primeiro tramo da renda per cápita e que xustifiquen debidamente coa solicitude a compra de algún electrodoméstico de primeira necesidade do que carecían no ano anterior.

O baremo, as porcentaxes e os límites das axudas son as establecidas na seguinte táboa:

RENTA PER CAPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	PORCENTAXE DA AXUDA	LÍMITE ANUAL DA AXUDA	LÍMITE SEMESTRAL DA AXUDA
<9.500€	Ata o 100% do consumo	500€	250€
9.501€ - 15.000€	Ata o 90% do consumo	400€	200€
15.001€ - 22.000€	Ata o 80% do consumo	300€	150€
>22.001€	Ata o 70% do consumo	200€	100€

### 5- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas axudas cada un dos representantes das unidades familiares que consten no censo de empadroamento do Concello de Muras. Para este procedemento terase en conta o padrón



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

municipal de habitantes e vivendas que conste no rexistro do concello o día da súa aprobación no pleno da corporación municipal.

Concederase unha soa axuda, repartida en dous pagos anuais, a cada representante da unidade familiar que o solicite.

Concederase unha soa axuda por vivenda habitual e por contador da luz destinado á vivenda habitual. No caso de edificios de vivendas, poderase conceder a axuda a cada vivenda que forme parte del e que así conste no padrón municipal de habitantes. Non poderán optar a estas axudas as vivendas que teñan débedas coa administración local, agás que sexan abonadas antes do remate do prazo para presentar as solicitudes.

Non poderán optar a estas axudas as persoas ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Muras), así como coa Seguridade Social.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

## 6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

### 6.1 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Muras, de forma presencial ou a través da sede electrónica, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### 6.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Haberá dous prazos SEMESTRAIS para presentar as solicitudes:

**O primeiro prazo:** un mes desde a publicación destas bases no BOP. No caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ate o inmediato hábil seguinte

**O segundo prazo:** do 15 de Xaneiro ao 15 de febreiro do ano seguinte.

### 6.3 DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberán presentar no primeiro prazo nos modelos normalizados que figuran como anexos nas presentes bases, xunto coa documentación requirida. No segundo prazo só se achegarán as facturas correspondentes ao segundo semestre.

Non se terán en conta, as cantidades abonadas polos usuarios de consumo de luz eléctrica, que non estean xustificadas mediante a correspondente factura da luz. Concretamente, non se terán en conta os xustificantes bancarios de domiciliación de recibos da luz.

### ANEXO 1 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- Copias cotexadas das facturas do consumo eléctrico do 1º SEMESTRE DO ANO 2016.
- Copias cotexadas das facturas do consumo eléctrico do 2º SEMESTRE DOA NO 2016.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do ano inmediatamente anterior (2015). No caso de non estar obrigado a facer a declaración do IRPF, deberase aportar un certificado expedido pola AEAT (Axencia Española da Administración Tributaria) de imputacións do IRPF.
- Copia cotexada do/s certificado/s de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións ou subsidios procedentes do estranxeiro.

### ANEXO 2 DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA UNIDADE FAMILIAR.

Estes anexos poderán obterse nas dependencias do Concello, así coma na páxina web do Concello ([www.muras.gal](http://www.muras.gal)).



# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfn: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

Deberá presentarse unha soa solicitude para cada exercicio no que se pretenda obter unha axuda.

O feito de presentar unha solicitude para un exercicio non implicará que se considere presentada para exercicios posteriores.

## 7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

### 7.1 TRAMITACIÓN.

A presente convocatoria será tramitada polo Concello de Muras, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, na que conste que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada.

Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente : O Alcalde

Vogais:

- Un voceiro de cada grupo político.
- A traballadora social do concello de Muras
- O Secretario do Concello de Muras, actuando como secretario da Comisión

### 7.2 VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración da documentación aportada e de acordo co baremo establecido na base 4.1

A Comisión Avaliadora comprobará que os datos da solicitude correspóndense cos datos do padrón de habitantes, aportando a propia administración local copia do mesmo ao expediente da solicitude.

### 7.3 IMPORTE DA ACHEGA A CONCEDER.

O importe das contías terán o límite máximo de 500€ e os límites establecidos na táboa de baremos da base 4.1

En caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3<sup>a</sup>, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto, experimentaran a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.


### 7.4 NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará o obxecto da axuda outorgada e a contía concedida.,

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 59 da lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (un mes desde a notificación da





# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

O acordo de concesión en firme das axudas xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredeite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

## 7.5 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Muras, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a axuda concedida.

## 8.- PAGAMENTO.

O pagamento das axudas realizarase no prazo máximo de 3 meses dende que remate o prazo de presentación das solicitudes. No caso do pagamento do segundo semestre, no prazo de 2 meses dende que remate o prazo de presentación das facturas.

O informe emitido pola comisión avaliadora indicará o importe da axuda inicialmente concedida que proceda aboar ao solicitante na conta bancaria indicada.

Para o cobro da subvención os solicitantes deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Muras.

## 9.-CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, e sen prexuízo das facultades de fiscalización pola Intervención Municipal, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito

### 9.1.-NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

1. As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistrio Xeral do Concello.

2. De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 5% para o seu control posterior.

A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

### 9.2.-EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

1. A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.

2. Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

## 10.-REINTEGRO DAS AXUDAS.

As axudas serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

## 11.-OUTRAS SUBVENCIÓN S OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras administracións públicas.

## 12.-RÉXIME SANCIÓNADOR.

O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.





# Concello de Muras (Lugo)

P-2703300-J

Praza da Galeguidade, 4  
27836, Muras (Lugo)  
Tfno: 982-500001/12  
Fax: 982-500063

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Órganos de control das axudas concedidas.

Os solicitantes das axudas concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-Protección de datos.

En cumprimento co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais facilitados, así como os que sexan requiridos posteriormente para completar o expediente, poderán ser incorporados a un ficheiro, cuxa titularidade corresponde ao Concello de Muras. Coa remisión dos datos, préstase consentimento expreso para que se poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades propias do Concello. Así mesmo, queda informado de que poderá exercitar o seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos mediante comunicación escrita ao Concello de Muras.

A presentación de solicitude de axuda implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma ao Concello de Muras con fins de estatística, avaliación e seguimento e para a comunicación dos diferentes programas subvencionados polo Concello.

### DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,